

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A XERACIÓN, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

Vigo, na data da última sinatura electrónica

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Doutra parte, Cristina Conde-Corbal González, presidenta, en representación da Xeración, Sociedade Cooperativa Galega, de natureza non lucrativa, sen ánimo de lucro, e con enderezo social na rúa Moratín 2-32005 e CIF F32479040, co número O-968 no rexistro da Xunta de Galicia de Entidades de Voluntariado.

Ambas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribir e levar adiante o presente convenio de colaboración, a tal efecto:

EXPOÑEN

O obxectivo xeral da Universidade de Vigo no eido do voluntariado é ofrecerlle á comunidade universitaria e fomentar entre ela a posibilidade de participar como voluntariado en actividades de solidariedade e de cooperación, programadas pola propia universidade ou desenvolvidas no marco de acordos específicos para voluntariado asinados con entidades de acollida sen ánimo de lucro

Considéranse actividades incluídas dentro do ámbito de acción voluntaria da Universidade de Vigo as de interese xeral vinculadas coa acción social e cos servizos sociais, as de natureza socio-sanitaria, de defensa dos dereitos humanos, da infancia, das persoas con discapacidade, da efectividade dos dereitos en condicións de igualdade das mulleres, educativas, e cooperación ao desenvolvemento, de loita contra a pobreza e a exclusión social, culturais, de defensa do patrimonio cultural, científicas, de fomento do uso de novas tecnoloxías, de protección civil, de prevención de situacións de emerxencia, de protección de persoas consumidoras e usuarias, deportivas, de lecer e tempo libre, de defensa ecolóxica e de protección do medio natural, de defensa dos dereitos lingüísticos, de dinamización do mundo rural, de defensa da economía ou da investigación, de desenvolvemento da vida asociativa, de fomento da acción voluntaria, ademais de todas as que, axustándose ao disposto pola lexislación vixente, poidan contribuir á consecución dos principios da acción voluntaria.

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega, sen ánimo de lucro, legalmente constituída e dotada de personalidade xurídica, ten por obxecto e fins fomentar o benestar social, a igualdade e a participación das persoas na comunidade. Destaca entre os seus fins a loita contra a Violencia machista e a promoción do feminismo.

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega de xeito organizado realiza programas específicos en relación con actividades de interese xeral, sempre con carácter altruísta, solidario e gratuíto.

En consecuencia, a Universidade de Vigo e a Xeración, Sociedade Cooperativa Galega consideran que a colaboración mutua en programas de voluntariado pode contribuír á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como a optimización dos seus recursos materiais e humanos, polo que as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

A Universidade de Vigo e a Xeración, Sociedade Cooperativa Galega colaborarán na realización de programas de voluntariado e participación social entre os membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

A sinatura do presente convenio de colaboración ten a finalidade de realizar diferentes programas de voluntariado, entre as dúas partes, no que participarán membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo como persoas voluntarias, que en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado colaboren nalgún programa de voluntariado.

Da devandita colaboración non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

SEGUNDA: Programas de voluntariado – compromiso de colaboración

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega propondrá á Universidade de Vigo a realización de programas de voluntariado de carácter asistencial e/ou educativos, científicos, de defensa da investigación. e todos aqueles recoñecidos na normativa vixente, concretando as funcións a desenvolver polo voluntariado, os lugares, a duración do programa, a persoa ou persoas responsable do programa de voluntariado e das persoas voluntarias, así como calquera outra circunstancia de interese.

No caso de cumprir cos requirimentos esixidos os programas de voluntariado propostos recibirán o visto e praxe da vicerreitoría que teña delegadas as competencias en Voluntariado, incorporándose, unha vez debidamente asinados pola Universidade de Vigo e a Xeración, Sociedade Cooperativa Galega como Anexo / Addendas ao presente convenio.

A Universidade de Vigo, sobre aqueles programas propostos e aceptados, realizará a súa difusión, a través dos medios que considere oportunos para a súa cobertura.

As partes, de mutuo acordo, poderán incluír, durante a vixencia deste convenio de colaboración, novos programas de voluntariado, así como suprimir os xa existentes. En todo caso, estas modificacións faranse efectivas unha vez recibido o visto e praxe da vicerreitoría que teña delegadas as competencias en Voluntariado, incorporándose, unha vez debidamente asinados pola Universidade de Vigo e a Xeración, Sociedade Cooperativa Galega como Anexo / Addendas ao presente convenio de colaboración.

Por outra banda, ámbalas dúas partes promoverán, de común acordo, a realización de actividades de sensibilización, asesoramento e divulgación en materia de voluntariado.

A colaboración que preste a persoa voluntaria en calquera dos proxectos da entidade de acollida colaboradora terá un carácter altruísta e gratuíto, sen que devengue ningún tipo de salario, honorarios, prima, dietas ou calquera outra contraprestación de carácter retributivo.

En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída.

A acción voluntaria non poderá en ningún caso substituír as prestacións a que estea obrigada a entidade de colaboración na que se integran as persoas voluntarias, o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

As persoas traballadoras por conta alleas e as persoas empregadas públicas, só poderán realizar actividades de voluntariado fóra da xornada de traballo, sen prexuízo do establecido no apartado 2 do artigo 20 da Lei 45/2015, de Voluntariado.

TERCEIRA: Dereitos da entidade colaboradora

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega, como entidade de acollida colaboradora ten os seguintes dereitos:

- a) Figurar na relación pública de entidades de acollida colaboradoras da Universidade de Vigo.
- b) Recibir información da universidade sobre as persoas interesadas na súa actividade. Cada entidade levará a cabo un proceso de selección adecuado, de acordo cos seus procedementos internos, das persoas solicitantes.
- c) Recibir persoas voluntarias da comunidade universitaria, segundo as súas necesidades ao longo de todo o ano.

CUARTA: Obrigas da entidade de colaboradora

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega, como entidade de acollida está obrigada a:

- a) As persoas voluntarias da comunidade universitaria da Universidade de Vigo estarán aseguradas pola entidade colaboradora, Xeración, Sociedade Cooperativa Galega, mediante unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente do voluntariado, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa actividade voluntaria.
- b) Dispoñer dun programa concreto en que enmarcar a actividade do voluntariado, o perfil e as funcións concretas que dentro da actividade van a realizar. Tamén poderá facer requirimentos posteriores de novos programas, a través de Anexos/Addendas ao longo do ano, en función de que xurdan necesidades non previstas no momento da comunicación inicial.
- c) Impedir que se substitúan, a través das actividades que realicen as persoas voluntarias, postos de traballo que deban ser retribuídos.
- d) Comunicarlle á Unidade da Universidade de Vigo que xestiona o Voluntariado a selección das persoas voluntarias, indicando os datos de interese.
- e) Cando as actividades e funcións da acción voluntaria supoña o contacto habitual con menores, a Xeración, Sociedade Cooperativa Galega solicitará á persoa voluntaria acreditar non haber sido condenada por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores. Polo que deberán acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de Penados por estes delitos.
- f) Non poderá ser voluntaria a persoa que teña antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentado contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas nos que as persoas destinatarias foran ou poidan ser vítimas destes delitos. A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega solicitará á persoa voluntaria acreditar esta circunstancia mediante unha declaración responsable de non ter antecedentes penais por estes delitos.
- g) Informar e formar, particularmente, en materia de prevención de riscos e garantir á persoa voluntaria a realización das súas actividades nas debidas condicións de seguridade e de hixiene en función da natureza e das súas características.
- h) Reembolsar ou compensar os gastos que realice a persoa voluntaria no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados entre a entidade de acollida e a persoa voluntaria.
- i) Proporcionarlle a formación específica necesaria para o correcto desenvolvemento da actividade de voluntariado.
- j) Proporcionarlle ao voluntariado a información, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.

- k) Facilitarlle unha acreditación que lle habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- l) Acordar libremente coa persoa voluntaria o contido e as condicións da actividade voluntaria, ó ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación e as responsabilidades que van a asumir, todo isto sempre dentro do marco do convenio e o programa asinado entre a entidade colaboradora e a Universidade de Vigo, e dicir o programa de voluntariado será sempre o mesmo e non se pode variar o seu contido.
- m) Unha vez finalizado o programa, emitir un informe individualizado da persoa voluntaria especificando o programa no que participou, o cumprimento satisfactorio das actividades, as tarefas realizadas, o tempo de realización (data de inicio e fin), o nº de horas realizadas e os resultados acadados.
- n) Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de voluntariado actualizado, a entidade colaboradora comunicaralle á Universidade de Vigo calquera alta e/ou baixa que se produza na entidade de acollida colaboradora. Antes de producirse a alta deberá indicarlle á persoa voluntaria a obriga de inscribirse na Universidade como Persoa Voluntaria e non poderá iniciar o voluntariado mentres a Universidade de Vigo no lle comunique a súa alta como persoa voluntaria.
- o) Achegar en todo momento toda a información que lle soliciten dende a Unidade da Universidade de Vigo que xestiona o Voluntariado.
- p) As demais obrigas establecidas no regulamento de voluntariado e no resto do ordenamento xurídico.

QUINTA: Dereitos da persoa voluntaria

Durante a realización do voluntariado, a persoa voluntaria terá os seguintes dereitos:

- a) Ser tratada sen ningún tipo de discriminación con respecto á súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informada e formada, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, de hixiene e de saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria expedida pola entidade de acollida que desenvolva a acción voluntaria, de ser o caso.
- d) Recibir da entidade na que se integra como voluntariado a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lle asignen.
- e) Participar activamente na entidade de acción voluntaria na que se integra, consonte os seus estatutos e normas de actuación, colaborando na planificación, no deseño, na execución e na avaliación dos programas en que participe.

- f) Acordar libremente coa entidade de acción voluntaria en que se integra o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, e as responsabilidades que vai asumir, todo isto sempre dentro do marco do programa de voluntariado que se asine entre a entidade colaboradora e a Universidade de Vigo, é dicir, o programa de voluntariado será sempre o mesmo e non se pode variar o seu contido.
- g) Estar asegurada mediante unha póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsada ou compensada polos gastos realizados no desenvolvemento da súa acción voluntaria nos termos previamente acordados coa entidade de acollida.
- i) Recibir certificación da súa participación no programa de acción voluntaria, que poderá, se é o caso, ser obxecto de valoración no seu currículo como recoñecemento do seu valor social.
- j) Recibir recoñecemento académico, pola participación nos programas de acción voluntaria, segundo o establecido na normativa de recoñecemento de créditos por actividades solidarias e de cooperación.
- k) Comunicar á Universidade de Vigo sobre calquera incidencia que poida xurdir na realización do Voluntariado.
- l) Renunciar libremente, logo dun aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- m) Calquera outro dereito recoñecido na normativa de voluntariado e no resto do ordenamento xurídico.

SEXTA: Obrigas da persoa voluntaria

- a) Cumprir os compromisos adquiridos coa Universidade e coa entidade colaboradora, respectando os seus fins e normativa.
- b) Observar as medidas de saúde e de seguridade que se adopten.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Cando as actividades e funcións da acción voluntaria supoña o contacto habitual con menores, a persoa voluntaria deberá acreditar non haber sido condenada por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores. Polo que deberán acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de Penados por estes delitos.

- e) Non poderá ser voluntaria a persoa que teña antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridades física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas nos que as persoas destinatarias foran ou poidan ser vítimas destes delitos. Esta circunstancia acreditarase mediante unha declaración responsable de non ter antecedentes penais por estes delitos.
- f) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria consonte as normas e os principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade na que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e nos obxectivos que se leven a cabo.
- g) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias tanto específicas como xerais para o desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- h) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colabore.
- i) Seguir as instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- j) Rexeitar calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade, a excepción da que se especifica nos dereitos das persoas voluntarias.
- k) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integra, así como devolvelos cando finalicen a actividade.
- l) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- m) Comunicar á Universidade de Vigo sobre calquera incidencia que poida xurdir na realización do Voluntariado.
- n) Notificarlles á Universidade de Vigo e á entidade colaboradora, de ser o caso, a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para as actividades en que participen.
- o) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
- p) As demais obrigas establecidas na normativa de voluntariado e no resto do ordenamento xurídico.

SÉTIMA:

O período de voluntariado non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os membros da comunidade universitaria e a Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega nin coa Universidade de Vigo.

Non poderá formalizarse un contrato de traballo entre a Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega e a persoa voluntaria mentres non finalice o período de voluntariado.

OCTAVA: Control da execución do convenio

Crearase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por:

- responsable da vicerreitoría con competencias en Voluntariado, ou persoa quen delegue, en representación da Universidade de Vigo.
- representante da entidade colaboradora que asina o presente convenio ou persoa en quen delegue, en representación da Xeración, Sociedade Cooperativa Galega.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. Reunirase cando así o considere oportuno cada unha das partes.

NOVENA: Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigaón legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMA: Vixencia, prórroga e resolución do convenio

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata 4 anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Son causas de resolución:

O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga.

O acordo unánime dos asinantes.

O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

Se no momento da rescisión algún membro da comunidade universitaria estivese realizando un programa de voluntariado de carácter temporal, continuará este ata o remate establecido.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

UNDÉCIMA: Natureza administrativa do convenio

A Xeración, Sociedade Cooperativa Galega e a Universidade de Vigo comprométese a resolver de xeito de amizade calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados ao inicio.

Pola Universidade de Vigo

Pola Xeración, Sociedade Cooperativa Galega

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Cristina Conde-Corbal González